MEMORIA EXPLICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO, PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS NO ANO 2026.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.23 atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano da Administración autonómica ó que lle corresponde, entre outras, o exercicio das competencias e funcións en materia de infancia e menores, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución española.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro da disposición transitoria do dito Decreto 42/2024, do 14 de abril, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

A adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta á súa familia de orixe. A Xunta de Galicia promove a adopción dunha persoa menor cando, valorada a súa situación e circunstancias, se constate a inviabilidade da permanencia definitiva ou da reintegración na súa familia de orixe, responda ao interese daquela e constitúa a medida máis axeitada para atender ás súas necesidades.

A adopción é un dereito dos nenos, o seu propósito é buscar unha familia para un neno que a necesita. Polo tanto, é fundamental que a familia estea preparada e conte coas estratexias precisas para afrontar o reto de crear unha nova familia, que sexa coñecedora das situacións que se lle poidan presentar, das distintas etapas polas que vai pasar, dos recursos aos que poder acudir, etc.

Co desenvolvemento deste programa preténdese lograr que a aquela familia inmersa nun proceso de adopción teña a preparación e conte coas estratexias precisas para afrontar o reto que supón a creación dunha familia ou a incorporación dun novo membro á mesma, dándolle a coñecer das situacións que se lle van a presentar, das distintas etapas polas que vai a pasar, dos recursos institucionais aos que pode acudir, etc. de xeito que se garanta mediante a aplicación deste programa o éxito no proceso adoptivo e a formación continua e o apoio familiar, tanto dende un punto de vista emocional coma estratéxico e educativo.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: munEXHkcA60 https://sede.xunta.gal/cve

Desta forma "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", ven desenvolvendo o seu "Programa de apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" está especializada no ámbito da infancia, cun traballo orientado a garantir o dereito a vivir en familia achegando ás familias adoptantes e acolledoras e os profesionais a realidade adoptiva de Galicia, así como promover espazos de reflexión en busca de alternativas reais ao iniciar novos procesos adoptivos.

Por outra banda, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos aportados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade, así mesmo aporta un punto de vista único para desenvolver a actividade obxecto deste convenio, debido a que enfoca o seu traballo dende a perspectiva de familias adoptantes e acolledoras que poden transmitir en primeira persoa a experiencia característica deste proceso.

Considérase polo tanto idónea a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" pola súa experiencia no ámbito da formación, asesoramento e atención ás familias en proceso de adopción e familias adoptivas e acolledoras, contando ademais con recursos humanos e estrutura suficiente para desenvolver as actividades propias do programa.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, e "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", comprometida institucionalmente coas familias adoptantes e acolledoras e os menores adoptados e acollidos, consideran polo tanto necesario, reforzar o acompañamento e o apoio ás familias adoptantes e acolledoras para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores adoptados e acollidos.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que "por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública".

Pola súa banda o artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse, con carácter excepcional e de forma directa, entre outras, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, concorrendo as expresadas circunstancias no presente convenio.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2026.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: munEXHkcA60 https://sede.xunta.gal/cve

A Consellería de Política Social e Igualdade subvencionará a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" para a execución deste convenio con 65.500,00 € na aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" comprométese a achegar a cantidade de 36.000,00 € procedentes de fondos aportados por programas financiados xunto con outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade.

A sinatura deste convenio non require de autorización previa do Consello da Xunta.

Por todo o exposto, téndose fiscalizado unha retención de crédito polo indicado importe, solicítanse Informes Previos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada sobre se o texto do convenio de colaboración se axusta á normativa vixente.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 01/07/2026 14:13:59

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: munEXHkcA60 https://sede.xunta.gal/cve